

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (RISGA), O ABEIRO DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA(SPEG).

No Centro CDL, sito en Lomba do Cruceiro 5-Ribadetea(Ponteareas), as 10,30 horas do día nove de outubro de dous mil dezasete, reúnense os compoñentes do Tribunal de Selección para a contratación de dous Oficiais 3ª Oficios, con código Servizo Galego de Colocación 71911012, mediante contratos de obra ou servizo determinado ao 75% da xornada, en cumprimento do artigo 12 da orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 9 de maio de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA), que establece entre outras que a selección de persoal realizarase por un grupo mixto, e que foi nomeado mediante Resolución da Alcaldía de data 02-10-2017 do seguinte xeito:

Presidente: don José Domínguez Ricón.

Secretaría: dona Mª Celia Sotelo Pérez.

Vogais: José Sotelo Pérez.

“ Angela Mónica Sequeiros Ameijeira.

“ Olga Bautista Porto.

Asesor: José Castro Carrera

En Resolución Alcaldía de data 06-10-2017

Asesor: Antonio Souto Parente.

O obxecto desta reunión é levar a cabo a oposición proba práctica e valoración dos méritos aportados polos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego, conforme Decreto número 2017-1998 de data 27-09-2017.

Antes de dar comezo á valoración, pola Secretaría do Tribunal, faise constar que o expediente administrativo que obra sobre a mesa e que foi entregado polo Departamento de Persoal á Secretaría do Tribunal, atópase sen foliar e sen índice de documentos que o integran, polo que este Tribunal non se fai responsable daquela documentación que, formando parte do mesmo, non se atope neste momento en dito expediente.
O expediente contén:

Oferta de emprego presentada na Oficina de Emprego o 27 de setembro de 2017, acompañada do extracto das bases de selección

Resolución da Alcaldía de data 02 de outubro de 2017, sobre nomeamento do Tribunal de Selección.

Nomeamentos individuais de cada un dos membros do tribunal.

Resolución da Alcaldía de data 06 de outubro de 2017, do nomeamento de asesor do tribunal a Antonio Souto Parente.

Relación dos 2 candidatos remitidos pola Oficina de Emprego, Benigno Cuevas Bugarín e Dionisio Fernández Fernández.

Copia de nómina.

De seguido chámase a cada un dos candidatos remitidos pola Oficina de Emprego para a proba práctica e a continuación a entrega da documentación para valoración e explicáselle as características da praza a ocupar, o traballo a realizar, a xornada de traballo, a duración do contrato, as particularidades do emprego, e o salario líquido mensual,

O Tribunal outorga a seguinte puntuación, quedando os resultados detallados a continuación:

BENIGNO CUEVAS BUGARÍN, D.N.I. 35546708-R

Fase 1.-Oposición proba práctica:

| | |
|---|---------------------|
| Proba 1.-Levantamento de murete..... | 6.-puntos. |
| Proba 2.-Instalación de circuito eléctrico..... | 5.-puntos. |
| Total media..... | 5,50.-puntos |

Fase 2.-Concurso de Méritos:

| | |
|---|-----------------------|
| 1) Experiencia profesional: | |
| -Admón pública ou privada..... | 0,35.-puntos |
| 2) Formación | |
| -Cursos relacionados coa praza á que aspira | 0,00.- puntos |
| 4) Proxecto de inserción laboral | 1, 00.- puntos |
| 5) Candidatos maiores de 45 anos..... | 1,00.-puntos |

TOTAL PUNTUACIÓN..... 7,85.- puntos

DIONISIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ D.N.I.36081494-Z**Fase 1.-Oposición proba práctica:**

Proba 1.-Levantamento de murete..... 7-puntos.
Proba 2.-Instalación de circuito eléctrico..... 6.-puntos.
Total media..... **6,50.-puntos**

Fase 2.-Concurso de Méritos:

1) Experiencia profesional:
-Admón pública ou privada..... **0,30.-puntos**

2) Formación
-Cursos relacionados coa praza á que aspira **0,50.- puntos**

4) Proxecto de inserción laboral **1, 00.- puntos**
5) Candidatos maiores de 45 anos..... **1,00.-puntos**

TOTAL PUNTUACIÓN 9,30.-Puntos.

Polo tanto remátanse as probas e selección as 12:30 horas do día nove de outubro de 2017, propondo a contratación dos dous aspirantes.

O Tribunal

O Presidente do Tribunal

Asdo/ José Domínguez Ricón.

A Secretaria do Tribunal

Asdo/ M.Celia Sotelo Pérez.

Os Vogais:

Asdo/ Angela Mónica Sequeiros Ameijeira,

Asdo/ José Sotelo

Asesores,

Asdo/ Antonio Souto Parente,

Asdo/José Castro Carrera